

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE ABRIL DE 2010

OCIHR

LICENZAS

PROCEDEMENTO SANCIONADOR

DIS/1180/2009.- Desestimación das alegacións e imposición de sanción de 3000 € por infracción moi grave á ordenanza local de Circulación e Uso da Vía Pública.

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

LIC/1687/2009.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Devolución de fianza en garantía da licenza de reparación fachadas do edificio dos catedráticos na Avda. das Ciencias (LIC/1953/2008). O importe da fianza é de 2.000€.

DIS/450/2008.- NORVIAL.- Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública en Praciña das Penas, 1.

DIS/139/2010.- TRANSPORTES Y GRUAS ESTACIÓN.- Devolución de fianza de 600€ depositada en garantía da ocupación de vía pública en Avda. de Rodrigo de Padrón, 3

DIS/288/2009.- MARIA FERNANDA HERNANDEZ PADIN.- Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública na rúa do Espírito Santo, 24.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación da documentación a remitir ao órgano ambiental no Plan Parcial do solo urbanizable delimitado número 4. (SUD-4) A Pulleira.

Apróbanse inicialmente e incorpóranse ao Plan parcial as modificacións resultantes do trámite de información pública; remítese a documentación á Consellería de Medio Ambiente e notifícase o acordo a todos os interesados.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto modificado núm. 1 de "Urbanización dos terreos municipais para zona deportiva en San Lázaro".

Apróbase o devandito proxecto redactado pola empresa PROYFE, SL, sen repercusión económica respecto do principal.

7.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á adhesión ao Acordo marco entre a FEMP e o Consello do Notariado asinado o 6 de outubro de 2009.

Dáse conta da adhesión ao devandito acordo, que ten como finalidade regular as relacións entre os notarios e as entidades locais en materia de colaboración social. Coa sinatura deste convenio, os concellos e os notarios comprométense a prestar aos contribuínte, usuarios e consumidores, a necesaria asistencia e información; e a acadar maiores cotas de calidade e axilidade simplificando os trámites que os cidadáns teñen que realizar diante dos concellos con motivo do asinamento de escrituras públicas.

URXENCIAS

1.- Adxudícase provisionalmente o programa de acceso á sociedade do coñecemento e da información na Casa do Asociacionismo Veciñal de Cornes á empresa TECNOCOM por importe de 57.072 euros, dentro o FES 2010.